

## María Solar: "Non penso como encaixar en xéneros ou públicos cando escribo unha historia"

María Solar (Compostela, 1970), escritora e xornalista nos medios públicos galegos, recibía hai uns días a noticia de que gañara o Premio Xerais 2022 coa novela 'A culpa', que vai ser editada en novembro. Trátase dun galardón que sumar a unha longa lista de recoñecementos que, tal e como nos conta, premian unha escrita que busca a fidelidade ao proxecto creativo máis aló de etiquetas.

Mario Regueira 21 de xullo de 2022

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/maria-solar-non-penso-como-encaixar-xeneros-publicos-cando-escribo-historia/20220720202501148180.html>

**—Na fin de semana, o xurado do Premio Xerais escolliu *A culpa* como a gañadora para a edición deste ano, que pode contar desta obra?**

En primeiro lugar, que estou moi contenta, pois é unha novela que rematei o ano pasado, que lera moi pouca xente e que mandei a un premio por primeira vez. Hai unha historia central sobre dúas mulleres que foxen de adolescentes desde Galiza cara á Arxentina despois de facer algo terríbel. Teñen unha vida de supervivencia pero son moi talentosas e conseguen un grande éxito social e económico. Porén, a súa amizade está marcada por aquilo que aconteceu, que tamén é un favor que unha lle debe á outra, un favor tan grande que converte a súa relación nunha especie de posesión. Unha delas transfórmase nunha persoa posesiva cunha personalidade enfermiza.

Esa é a historia central, aínda que decido contala a través dunha rapaza nova chamada Amanda, que traballa nunha sucursal bancaria. Cada seis meses entra alí unha señora moi maior que fede e ten moi mal aspecto pero que tamén ten moitos millóns no banco. Amanda aténdea unha soa vez e ao pouco a señora morre converténdoa en herdeira universal.

Aquí aparece a primeira culpa á que se refire o título: toda a sociedade pregúntase que fixo Amanda para que acontecese iso. E ela trata de investigar para saber a historia daquela señora e topa coa outra parte da trama. Amanda herda unha fortuna e unha culpa. Non é a única culpa que aparece, as mulleres cargamos con moitas culpas na sociedade.

**—Podemos encaixar esta nova obra nalgún xénero?**

Creo que está moi fóra das etiquetas. É certo que a historia de Amanda ten partes de thriller, pero a das dúas amigas está escrita en forma de diario íntimo. Penso que son dúas historias que non encaixarían nunha única obra comercial e só vexo en común a dimensión psicolóxica que

quixen darlle aos personaxes. Realmente sempre trato de escribir o que quero, sen pensar en encaixar nun xénero determinado.

**—Hai elementos de realidade nunha ficción coma esta?**

Nada do que escribo é real ao 100%, pero sempre bebes das cousas que che contan. Por exemplo, penso moito nas cousas que me conta a miña nai, que é moi maior e tivo moitas vivencias, e algunhas delas pasaron a esta novela. Sempre me fascinou a distancia dalgunhas das súas historias co noso tempo: parece que aconteceron hai catro xeracións ou máis, pero son relativamente recentes. Falando da culpa, sempre me fascinou esa noción relixiosa do pecado orixinal. O peso de ter nacido xa cunha culpa, antes de poder facer nada, e como esa idea marcou a vida das mulleres no pasado. As mulleres da miña novela loitan para ser absolutamente libres. É unha historia que invento pero que sei que pode atoparse nas vivencias doutras persoas.

E hai outra relación máis: eu vivo moi intensamente as miñas historias: choro e río con elas, e non hai maior satisfacción de ver como, unha vez que unha novela está fóra, esperta reaccións nas persoas que a len.

**—Na súa traxectoria destaca a literatura infantil e xuvenil, hai un cambio nos últimos anos?**

Cando saquei *As horas roubadas* (Xerais, 2016) falábanme de “dar o salto” á literatura adulta, que é unha expresión que case me ofende. A literatura infantil e xuvenil forma parte da miña produción e téñolle enorme respecto, non hai ningún salto que dar. Non concibo os libros pensando nun público determinado: é a historia máis ben a que me leva a unha idade. Ás veces emprego os cambios de historia para descansar.

Esta novela é dura por momentos e agora estou con outra que ten unha trama que encaixa máis no xuvenil, que me serve tamén para deixar un pouco atrás este ambiente. De feito, poderíase dicir que esta é a miña terceira novela que leva a un público adulto, porque *Os nenos da varíola* (Galaxia, 2017) penseina desa maneira, aínda que ao final se orientase editorialmente como novela xuvenil.